



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Consello da Xunta avaliou onte a **Estratexia Galega de Impulso á Biotecnoloxía 2016-2020**, a folla de ruta que vertebrará as accións de apoio ao sector biotecnolóxico en Galicia e que persegue ser un polo de atracción de investimentos e de creación de emprego altamente cualificado, acadando un forte impacto socioeconómico.

A Estratexia Galega de Impulso á Biotecnoloxía é froito dun traballo de máis de 10 meses, liderado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, coa implicación transversal doutras consellerías: Consellería de Sanidade; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; do Mar; e do Medio Rural. Contou para a súa elaboración coa participación de máis de 50 axentes entre empresas, organismos e centros de investigación e universidades, e representa unha solución de compromiso para os distintos intereses do sector, así como unha solución priorizada ás súas principais necesidades.

A biotecnoloxía, contemplada con carácter transversal na **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3**, polo seu enorme potencial como **Tecnoloxía Facilitadora Esencial (TFE)**, e recollida dentro dos sectores priorizados na Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0, xogará un papel destacado e fundamental no desenvolvemento doutros sectores estratéxicos para Galicia como o agroalimentario, o mariño, o medioambiental e o sanitario. Polo cal, o obxectivo da Estratexia é maximizar o potencial do sector a nivel internacional xerando valor económico e social, contribuíndo a dinamizar sectores tradicionais, incrementando o seu grao de competitividade e

situando a Galicia como actor clave a nivel internacional na cadea de valor biotecnolóxico.

Para acadar esa meta, a Estratexia ten identificados **3 eixos de actuación**: a investigación, transferencia de tecnoloxía e creación de empresas; a capacitación e consolidación empresarial; e finalmente a atracción de empresas tractoras.

As iniciativas que se poñan en marcha estarán vinculadas ao financiamento público-privado, á colaboración intersectorial para o desenvolvemento de produtos e servizos, ao marketing e á comercialización. Así, esta folla de ruta priorizará **sete sub-sectores**: seis sub-sectores estratéxicos nos que Galicia xa destaca, como os subprodutos do mar; mellorar a competitividade dos nosos sectores tradicionais, como o lácteo ou a sanidade animal; e poñer en valor o coñecemento ligado á saúde como a medicina personalizada, a alimentación funcional e envellecemento activo e o descubrimento de novos fármacos e un **sector transversal ligado ás tecnoloxías facilitadoras**.

Así, a Estratexia mobilizará, entre 2016 e 2020, **200 millóns de euros**, 37 deles este primeiro ano. Cómpre destacar, ademais, que no período 2012-2015 xa se mobilizaron neste sector en Galicia en torno aos 92 millóns de euros.

Para máis información pode acceder a **páxina web da Axencia Galega de Innovación**, na que nas vindeiras semanas desagregaremos todo o contido deste informe .

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.